



Bestiarum: Aries y El Carneiro alado de Ribadeo.
Museo Provincial de Lugo.

Performance

Ana DMatos crea un proxecto específico para a colección Gil Varela partindo da representación animal por excelencia da colección, o chamado “carneiro alado de Ribadeo”; esculturiña áurea descrita pola súa beleza baseada na súas ricas calidades artesanais, con controvertida datación crono- cultural. A artista encara a carencia de cronoloxía e tipificación cultural concreta da peza como horizonte para xerar *Bestiarium*. A obra, presentada a modo de falso achado musealizado, representa un ritual que liga natureza e cultura, facéndonos viaxar a unha paisaxe humana inda poboada pola nosa metade animal.

Malia ao título, a obra, formada por cinco máscaras de animais sobre cadanseu soporte, non alude aos coñecidos bestiarios medievais, non é un catálogo de actitudes humanas personificadas en determinados animais.

O carneiro, a leona, o oso -macho ou femia- , o paxaro -macho ou femia- e o cervo -macho ou femia- son convertidos en máscaras e, polo tanto, obxectos de mediación para vivir unha experiencia transcendente. DMatos propónlle á persoa portadora da máscara unha ruta cara a súa propia substancia natural como ser animal. -Cómo? Pois a través das interpretacións simbólicas que sobre os animais representados atesoura a cultura de cada quen. A peza, des-estructurando os mecanismos de musealización tradicional dos *capolabori* nun museo arqueolóxico, preséntanos un obxecto de funcionamento simbólico que só se activa coa nosa libre interpretación.

Para Ana DMatos, con un longo e frutífero traballo ás costas sobre os signos visuais cos que a nosa civilización representa a idea de poder asociado á idea de beleza -traballando até agora dende a creación do ouropel nos estados nacionais no poder temporal, e dende a alta idade media na creación do boato asociado ao poder espiritual-, agora, retoma este camiño para reflectir o constructo mítico da prehistoria que se dispara no público, ao contemplar as pezas de orivería desta escolma.

Coa intención de que apreendamos criticamente o que se entende aínda por “beleza”, asociada aínda á autoridade moral, política, ao estatus social ou de xénero cultural, regálanos o seu *Bestiarium*: tamén de grande beleza formal e grande calidade artesanal e no que se utiliza tamén o ouro, epítome das autoridades de toda índole. Mais, como o carneiro, a obra non é o que semella. Non remite a un bestiario medieval por non pretender darnos unha lección moralizante. As súas máscaras son obxectos permeables, transparentes, nin conceptual nin formalmente monolíticos, coma o repertorio de obxectos asociados a todo poder. Ademais, a súa exhibición pública non se fai sobre soportes que se aloxen de nós fisicamente: non hai podio, nin vitrina, ni peaña alta... e, sobre todo, e como coda final, non posúe só beleza formal, porque conseguen facernos entender que ningún adobío é intranscendente ...

Monse Cea, 2016.